



A ceramista Susana González Amado, Técnico Superior en Cerámica Artística, tivo a deferencia de aceptar a nosa proposta de crear unha peza para o Premio Muíño do Vento de Textos de Contraportada, que temos a fortuna de poder entregar nesta segunda edición.

Desde o ano 1991 dedícase á docencia. Entre os seus retos máis importantes estivo o de poñer en marcha o primeiro Ciclo Formativo de Cerámica en Galicia, na vila de Sada, en 2001. Entre outros cursos e obradoiros, na actualidade dirixe o curso de cerámica do cuartel Sánchez Aguilera, organizado polo Concello de Ferrol. Susana González ten o seu propio obradoiro desde o ano 1990 -Terralume-, que nace cunha clara vocación divulgativa e espírito de busca, que é onde está o seu camiño, segundo ela mesma manifesta.